

Melide

División territorial da diocese, inicialmente arciprestado e, dende o século XVI e ata mediados do XIX, arcediagado. Dependeu do cóengo dignidade de arcediago de Melide, do cabido catedral de Mondoñedo.

Trala reorganización do espazo da diocese en 1855, mantívose como unidade da súa administración, de novo coa denominación de arciprestado, e sobreviviu como parte integrante dela ata 1954-55, en que as parroquias que o formaban se integraron na diocese de Lugo, no seo do arciprestado de Abeancos.

Desconectado territorialmente do resto do espazo diocesano, como un enclave dentro do de Lugo, o arciprestado comprendía dez parroquias, as máis meridionais das localizadas na provincia da Coruña, pertencentes ós actuais concellos de Melide (Melide, Santa María de Melide, As Varelas e Moldes), Santiso (San Román, Novela, Liñares, Ribadulla e Vimianzo) e Arzúa (Vilantime).